

## **ORDENANZA FISCAL NÚM. 9**

### **TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO.**

#### **Artigo 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.**

*En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade cos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a "Taxa por Recollida de Lixo", que se rexerá pola presente ordenanza atendendo as súas normas ao que se prevé no artigo 57 do citado RD 4/2004.*

#### **Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE.**

*1. Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigada da recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.*

*2. Presúmese a utilización do servizo cando existe a posibilidade de habitar a vivenda ou de usar o local por contar con calquera dos servizos de subministración de auga, enerxía eléctrica ou rede de sumidoiros.*

*3. Considérase lixo domiciliario e residuos sólidos, os restos e desperdicios de alimentación e detritus procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, cascallos de obras, detritus humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou de recollida ou vertido que esixe a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.*

*4. Non está suxeita á taxa a prestación, de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:*

- a) Recollida de lixo e residuos non cualificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.*
- b) Recollida de escouras e cinzas de calefaccións centrais.*
- c) Recollida de cascallos de obras.*
- d) Os residuos que estean considerados, legal ou regularmentariamente, como tóxicos ou perigosos, os posuidores ou produtores dos cales deberán cumprir as obrigas establecidas nos artigos 5 da Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos, no artigo 13 do RD 833/1988, do 20 de xullo, e preceptos concordantes.*

#### **Artigo 3. SUXEITOS PASIVOS.**

*1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas ou locais emprazados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nos que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso de precario.*

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, nas cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo, segundo o **artigo 36 da Lei xeral tributaria**.

#### **Artigo 4. RESPONSABLES.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o **artigo 42 da Lei xeral tributaria**.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o **artigo 43 da Lei xeral tributaria**.

#### **Artigo 5. BENEFICIOS FISCAIS.**

Soamente se admitirán nesta taxa as exencións e bonificacións que veñan establecidas en tratados e acordos internacionais ou/e en normas con rango de lei.

#### **Artigo 6. COTA TRIBUTARIA.**

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles e da súa situación.

Para tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa :

##### **Zona urbana:**

<b>TARIFA TRIMESTRAL</b>	<b>ÚNICA</b>
a. Vivendas ocupadas.	16,78 €
b. Vivendas non ocupadas.	5,57 €
c. Industrias de ata 25 empregados con actividade	29,01 €
d. Industrias de máis de 25 empregados con actividade.	99,37 €
e. Talleres de todo tipo con actividade	29,01 €
f. Supermercados, hipermercados e grandes superficies, con actividade.	93,15 €
g. Bancos e entidades financeiras con actividade.	53,50 €
h. Oficinas con actividade.	22,27 €
i. Hoteis e hostais de ata 10 habitacións con actividade.	40,14 €
j. Hoteis, e hostais de máis de 10 habitacións, con actividade.	80,29 €
k. Discotecas e salas de festas con actividade.	80,29 €
l. Restaurantes, mesóns e casas de comida con actividade.	55,88 €
m. Café bar especial e café concerto con actividade.	48,41 €
n. Bares e cafeterías con actividade.	40,15 €
o. Comercios con máis de 75 m <sup>2</sup> de superficie con actividade.	22,27 €
p. Pequeno comercio (con menos de 75m <sup>2</sup> ) con	17,28 €

actividade.	
q. Locais sin actividade	10,00 €

**Zona rural:**

TARIFA ANUAL	ÚNICA
a. Vivendas ocupadas.	55,88 €
b. Vivendas non ocupadas.	18,56 €
c. Industrias de ata 25 empregados con actividade.	116,04 €
d. Industrias de máis de 25 empregados con actividade.	397,48 €
e. Talleres de todo tipo con actividade.	116,04 €
f. Supermercados, hipermercados e grandes superficies con actividade.	372,60 €
g. Bancos e entidades financeiras con actividade.	214,00 €
h. Oficinas con actividade.	65,76 €
i. Hoteis e hostais de ata 10 habitacións, con actividade.	134,12 €
j. Hoteis, e hostais de máis de 10 habitacións, con actividade.	268,28 €
k. Discotecas e salas de festas con actividade.	271,44 €
l. Restaurantes, mesóns e casas de comida con actividade	168,84 €
m. Bares e cafeterías con actividade.	163,88 €
n. Café bar especial e café concerto con actividade.	118,36 €
o. Comercios con máis de 75 m <sup>2</sup> de superficie con actividade	69,48 €
p. Pequeno comercio (con menos de 75 m <sup>2</sup> ) con actividade.	59,56 €
q. Locais sin actividade	30,00€

Considerarase que se realiza actividade naqueles locais nos que se exerce a mesma con carácter empresarial, profesional ou artístico, cando supoña a ordenación por conta propia de medios de produción e de recursos humanos ou dun de ámbolos dous coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou de servizos. **No resto dos supostos, considerarase que os locais non teñen actividade**

No caso da realización de dous ou máis feitos impositivos nun mesmo inmovible, entenderase que é obxecto de tributación o que corresponde á tarifa de maior contía.

Despois da solicitude do interesado considerarase como vivenda deshabitada aquela na que, cumprindo o **punto 2 do artigo 2 desta ordenanza**, non se encontre ningún empadronado nin se registre actividade no período impositivo completo. Utilizando de oficio a Administración os medios que estime convenientes para a súa comprobación.

No caso de que se estime a dita solicitude, a taxa por vivenda deshabitada aplicarase no período impositivo seguinte á súa concesión por parte da X.G.L.

**Artigo 7. DEVENGO.**

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír desde o momento no que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a súa natureza de recepción obrigatoria, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliaria nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.

2. Unha vez establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase o primeiro día de cada trimestre natural no caso da zona urbana, e o primeiro día do ano no caso da zona rural.

#### **Artigo 8. DECLARACIÓN E INGRESO.**

1. Dentro dos 30 días hábiles seguintes á data na que se devengue por primeira vez a taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición na matrícula, presentando, para o efecto, a correspondente declaración de alta e ingresando, simultaneamente, a cota do primeiro trimestre no caso da zona urbana, ou no caso da zona rural, o ingreso da cota anual, se a alta se produce no primeiro semestre do ano, ou o 50 % da cota anual se a alta se produce no segundo semestre do ano.

2. Cando se coñeza, xa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo nesta as modificacións correspondentes, que surtirán efecto a partir do período de cobranza seguinte ao da data na que se efectuará a declaración.

#### **Artigo 9. PERÍODO IMPOSITIVO**

O período impositivo coincidirá co trimestre natural no caso da zona urbana, e co ano natural no caso da zona rural. Emitíndose un recibo trimestral no caso da zona urbana, e un único recibo anual no caso da zona rural.

A cobranza da taxa de recollida de lixo na zona urbana realizarase en recibo conxunto coa taxa da rede de sumidoiros e do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable. Están obrigados ao pago as persoas que constan como titulares da vivenda ou local para os efectos de prestación do citado servizo de augas, de conformidade co **artigo 3 desta ordenanza**. A alta no servizo de augas leva consigo a inmediata inclusión no Padrón da recollida de lixo, así como a concesión da licenza de primeira ocupación, no caso da zona rural.

#### **Artigo 10. INFRACCIÓNS.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas correspondan en cada caso, estarase ao que se dispón nos **artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria**.

#### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA.**

A presente ordenanza fiscal, que se modificou polo Pleno do Concello na súa sesión celebrada o día 31/07/2017, entrará en vigor ó día seguinte da publicación do seu texto íntegro no BOP de Lugo, e será de aplicación a partir dese mesmo día, ata a súa modificación ou derogación expresas.